



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 23 DE NOVEMBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00052767V.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00020872T.

Adxudicación da Execución das obras definidas no proxecto denominado “Remate do tratamento arquitectónico do límite leste da Alameda (Muro do Pombal Fase I)” a favor da “UTE MURO DO POMBAL”

Acórdase adxudicar o contrato que ten por obxecto a *Execución das obras definidas no proxecto*

denominado “Remate do tratamento arquitectónico do límite leste da Alameda (Muro do Pombal Fase I)” a favor da UTE constituída polas empresas ALCOMTE GALICIA SL e OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL “UTE MURO DO POMBAL, por un importe total de **333.619,08 euros** (275.718,25 euros + IVE do 21%: 57.900,83 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato o xefe de servizo de Proxectos e Obras ou persoa na que delegue.

Segundo: Dispoñer o gasto por un importe total de 333.619,08 euros necesario para o financiamento deste contrato que se imputará á aplicación orzamentaria 2021 040 17100 6190000/2020 2 MUROS 16 2.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00034769M.

Adxudicación do contrato que ten por obxecto o “Proxecto SMARTIAGO- Licitación para a contratación de servizos de investigación e desenvolvemento de vehículos eléctricos autónomos modulares multifuncionais así como posta en marcha dun living lab de loxística de última milla, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020, nun 10% pola Axencia Galega de innovación (GAIN) en un 10% polo Concello de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

-Aprobar o gasto necesario para o financiamento do contrato con cargo á aplicación orzamentaria 030 46200 6410000 2018 2 TIAGO 27.

- Adxudicarlle o contrato que ten por obxecto o “Proxecto SMARTIAGO Licitación para a contratación de servizos de investigación e desenvolvemento de vehículos eléctricos autónomos modulares multifuncionais así como posta en marcha dun living lab de loxística de última milla, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

(FEDER) no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020, nun 10% pola Axencia Galega de innovación (GAIN) e nun 10% polo Concello de Santiago de Compostela” á empresa VODAFONE, por un importe total de **662.970 euros** (Base imponible: 547.909,09 €, IVE do 21%: 115.060,91 €).

.- Comprometer o gasto necesario para o financiamento deste contrato que se imputará á aplicación orzamentaria 030 46200 6410000 2018 2 TIAGO 27 coa seguinte desagregación por anualidades:

Anualidade 2021: 232.039,50 euros IVE incluído.

Anualidade 2022: 430.930,50 euros IVE incluído.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00034759H.

Adxudicación do contrato que ten por obxecto o “Proxecto SMARTIAGO- Licitación para a contratación de servizos de investigación e desenvolvemento de algoritmos avanzados de modelado e simulación da mobilidade peonil a nivel macro en cidades patrimonio así como de algoritmos avanzados para a análise personalizada de hábitos de mobilidade de cara ó deseño automático de pautas de actuación para a mellora da sustentabilidade de ditos hábitos no marco dun living lab para o deseño de novas estratexias para a mellora da sustentabilidade ambiental dos hábitos de mobilidade urbana, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020, nun 10% pola Axencia Galega de innovación (GAIN) e nun 10% polo Concello de Santiago de Compostela”

Acórdase:

- Aprobar o gasto necesario para o financiamento do contrato con cargo á aplicación orzamentaria 030 46200 6410000 2018 2 TIAGO 27.

Segundo: Adxudicarlle o contrato que ten por obxecto o “Proxecto SMARTIAGO Licitación para a contratación de servizos de investigación e desenvolvemento de algoritmos avanzados de modelado e simulación da mobilidade peonil a nivel macro en cidades patrimonio así como de algoritmos avanzados para a análise personalizada de hábitos de mobilidade de cara ó deseño automático de pautas de actuación para a mellora da sustentabilidade de ditos hábitos no marco dun living lab para o deseño de novas estratexias para a mellora da sustentabilidade ambiental dos hábitos de mobilidade urbana, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014- 2020, nun 10% pola Axencia Galega de innovación (GAIN) e nun 10% polo Concello de Santiago de Compostela” á empresa ITERA TÉCNICA SLU, por un importe total de **381.150 euros** (Base imponible: 315.000,00 €, IVE do 21%: 66.150 €).

- Comprometer o gasto necesario para o financiamento deste contrato que se imputará á aplicación orzamentaria 030 46200 6410000 2018 2 TIAGO 27 coa seguinte desagregación por anualidades:

Anualidade 2021: 190.575 euros IVE incluído.

Anualidade 2022: 190.575 euros IVE incluído.